



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

BANDO

**D. ENRIQUE CABALEIRO GONZÁLEZ, ALCALDE DO
CONCELLO DE TUI,**

FAI SABER A TODOS OS CIDADÁNS:

A Ordenanza reguladora do tráfico no Conxunto Histórico de Tui foi publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 126 do mércores, 2 de xullo de 2014. Posteriormente, no BOP nº 139 do xoves, 21 de xullo de 2016 foron publicadas as modificacións levadas a cabo sobre os apartados A) e C) do artigo 8 de dita Ordenanza.

Infórmase a todos os cidadáns que a partir do día 1 de xullo de 2017, limitarase o tráfico e o acceso de vehículos ao Conxunto Histórico, agás nos casos contemplados expresamente na ordenanza (Residentes, propietarios non residentes, establecementos, servizos e permisos especiais).

Así mesmo, a partir desta data (1 de xullo de 2017) as denominadas Zonas Verdes serán consideradas zonas de aparcamento exclusivo para os residentes no Conxunto Histórico (R) e os residentes nas rúas habilitadas como Zona Verde (RE).

Tui, O Alcalde, Enrique Cabaleiro González.
Documento asinado dixitalmente á marxe.